nistración da Xunta de Galicia, escala superior de estatísticos (grupo A), na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na páxina web do Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu) e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Sexto.-Que de acordo co disposto na base II.1.1 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2008.

Rosa Elvira Fernández González
Presidenta do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 20 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2008-2009, entre profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, aquelas/aqueles ás/aos que se lles conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, opositoras/opositores do ano 2008, interinas, interinos, substitutas e substitutos e o persoal funcionario que solicite o reingreso no servizo activo.*

Coa finalidade de adxudicarlle destino provisional para o curso académico 2008-2009 ao profesorado sen destino definitivo dos corpos citados, convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-*Obxecto.*

Convócase o concurso, de acordo coas especificacións que se citan nesta resolución, para a provisión das necesidades de profesorado para o curso 2008-2009, nos centros que se relacionan nos anexos I, II, III e IV, entre o profesorado sen destino definitivo dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e o profesorado con destino definitivo que se relaciona na base segunda e terceira desta convocatoria.

Segunda.-*Obrigatoriedade de participación.*

Estarán obrigados a participar neste concurso, na súa especialidade:

a) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.

b) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal dun familiar.

c) O profesorado desprazado por falta de horario.

d) O profesorado que teña que reincorporarse á comunidade autónoma procedente do estranxeiro.

e) O profesorado que resultou suprimido no proceso de adscrición regulado pola Orde do 1 de outubro de 1998 e que continúe nesa situación, agás que fixese a opción de ser recolocado na localidade na que foi suprimido.

f) O profesorado que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro/a.

g) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral.

h) O profesorado en situación de expectativa de destino que figura no anexo II da Resolución do 13 de maio de 2008, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarias e funcionarios docentes dos distintos corpos, que se ordenará por anos de realización do concurso-oposición, e dentro de cada concurso-oposición polo número de orde obtido nel.

i) O profesorado que solicite o reingreso no servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2008-2009.

j) As opositoras e os opositores que superen o procedemento selectivo de acceso e ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas e profesores de música e artes escénicas e profesores de artes plásticas e deseño, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008, pola orde obtida no procedemento selectivo, agás os que estean exentos de realizar a fase de prácticas e opten por continuar desempeñando servizos no seu corpo de orixe.

k) O profesorado interino, pola mesma orde que elixiron no curso académico 2007-2008.

l) O profesorado substituto, en función da orde de acceso á interinidade ou substitución.

Terceira.-*Participación voluntaria para os funcionarios de carreira das escolas oficiais de idiomas*.

O persoal funcionario de carreira con destino definitivo das escolas oficiais de idiomas poderán, con carácter excepcional, solicitar prazas provisionais para un ano/curso das escolas oficiais de idiomas e as súas extensións.

Cuarta.-*Prazas que pode solicitar o profesorado do corpo de profesores de ensino secundario*.

Os profesores e profesoras de ensino secundario poderán solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

a) As correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, para os centros ou localidades que figuran no anexo I desta resolución e para as especialidades de:

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Filosofía |
| 002 | Grego |
| 003 | Latín |
| 004 | Lingua castelá e literatura |
| 005 | Xeografía e historia |
| 006 | Matemáticas |
| 007 | Física e química |
| 008 | Bioloxía e xeoloxía |
| 009 | Debuxo |
| 010 | Francés |
| 011 | Inglés |
| 012 | Alemán |
| 016 | Música |
| 017 | Educación física |
| 018 | Psicoloxía e pedagoxía |
| 019 | Tecnoloxía |
| 053 | Lingua e literatura galega |
| 056 | Informática ESO e bacharelato |
| 061 | Economía |
| 101 | Administración empresas |
| 102 | Análise e química industrial |
| 103 | Asesoría e procesos de imaxe persoal |
| 104 | Construcións civís e edificación |
| 105 | Formación e orientación laboral |
| 106 | Hostalaría e turismo |
| 107 | Informática |
| 108 | Intervención sociocomunitaria |
| 109 | Navegación e instalacións mariñas |
| 110 | Organización e xestión comercial |
| 111 | Organización e proc. de mantemento de vehículos |
| 112 | Organización e proxectos de fabricación mecánica |
| 113 | Organización e proxectos sistemas enerxéticos |
| 115 | Procesos de produción agraria |
| 116 | Procesos na industria alimentaria |
| 117 | Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos |
| 118 | Procesos sanitarios |
| 119 | Procesos e medios de comunicación |
| 120 | Procesos e produtos de téxtil, confección e pel |
| 121 | Procesos e produtos do vidro e cerámica |
| 122 | Procesos e produtos en artes gráficas |
| 123 | Procesos e produtos en madeira e moble |
| 124 | Sistemas electrónicos |
| 125 | Sistemas electrotécnicos e automáticos |
| 803 | Cultura clásica |

b) O profesorado interino e substituto de clásicas poderá solicitar indistintamente as prazas de latín e grego, entendéndose incluída para estes participantes a cultura clásica.

c) As profesoras e profesores de ensino secundario, titulares das especialidades correspondentes, poderán solicitar as prazas das escolas oficiais de idiomas e das escolas de artes aplicadas e oficios artísticos relacionadas nos anexos II e IV desta resolución. Para tales efectos deberán incluír na súa petición os códigos destes centros mantendo o código da especialidade do corpo de PES, aínda no suposto de que optasen por efectuar a súa solicitude por localidades.

d) O persoal funcionario de carreira da especialide de administración de empresas que sexa titular da especialidade de economía poderá pedir prazas indistintamente das dúas especialidades e de organización e xestión comercial.

e) O persoal funcionario de carreira da especialidade de procesos comerciais poderá solicitar, ademais, prazas de administración de empresas, formación e orientación laboral e economía. Unha vez adxudicadas as prazas aos funcionarios e funcionarias de carreira e opositores e opositoras das especialidades de administración de empresas, economía e formación e orientación laboral, adxudicaranse as prazas ao persoal funcionario de carreira de procesos comerciais, nun número igual á diferenza entre profesores en expectativa desta especialiade e o número de vacantes desta.

f) O persoal funcionario de carreira da especialidade de oficina de proxectos de construción poderá solicitar prazas de debuxo e construcións civís e edificacións. O número de prazas que se van adxudicar desta última especialidade ás e aos titulares da especialidade de edificación e oficina de proxectos de construción será como máximo igual á diferenza entre profesorado en expectativa de destino de cada especialidade e o número de vacantes desta.

g) O profesorado interino da especialidade de procesos sanitarios continuará nunha única lista e poderá pedir prazas das especialidades de procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos e procesos sanitarios. A partir da convocatoria de oposicións do ano 2007 os novos integrantes das listas de procesos sanitarios e procesos de diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos figurarán na especialidade en que se presentaron.

Quinta.-*Prazas que poden solicitar as funcionarias e os funcionarios do corpo de profesores técnicos de formación profesional*.

O profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións contidas nesta base; sen prexuízo do establecido para a especialidade de procesos comerciais no punto anterior.

a) Prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, para os centros ou localidades que figuran no anexo I, e para as especialidades de:

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 021 | Taller de vidro e cerámica |
| 030 | Prácticas protésico dental |
| 031 | Prácticas hixienista dental |
| 033 | Prácticas e actividades |
| 201 | Cociña e pastelaría |
| 202 | Equipamentos electrónicos |
| 203 | Estética |
| 204 | Fabricación e instalación de carpintaría e moble |
| 205 | Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos |
| 206 | Instalacións electrotécnicas |
| 208 | Laboratorio |
| 209 | Mantemento de vehículos |
| 210 | Máquinas, servizos e produción |
| 211 | Mecanizado e mantemento de máquinas |
| 212 | Oficina de proxectos de construción |
| 213 | Oficina de proxectos de fabricación mecánica |
| 214 | Operacións e equipamentos de elaboración de produtos alimentarios |
| 215 | Operación de procesos |
| 216 | Operacións de produción agraria |
| 217 | Patronaxe e confección |
| 218 | Perrucaría |
| 219 | Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico |
| 220 | Procedementos sanitarios e asistenciais |
| 221 | Procesos comerciais |
| 222 | Procesos de xestión administrativa |
| 223 | Produción de artes gráficas |
| 225 | Servizos á comunidade |
| 226 | Servizos de restauración |
| 227 | Sistemas e aplicacións informáticas |
| 228 | Soldadura |
| 229 | Técnicas e procedementos de imaxe e son |
| 230 | Fontanaría |
| 240 | Linguaxe de signos |

O persoal funcionario de carreira das especialidades que a seguir se citan poderán solicitar prazas das especialidades que se indican:

Especialidade: procesos comerciais.

Especialidades que se poden solicitar: procesos comerciais; procesos xestión administrativa.

Especialidade: procedementos sanitarios e asistenciais.

Especialidades que se poden solicitar: procedementos sanitarios e asistenciais; procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico.

b) Se quedan vacantes de instalacións e mantemento de equipamentos térmicos e fluídos, unha vez adxudicados os destinos provisionais ao persoal funcionario de carreira, aos profesores desta especialidade e ao persoal interino e substituto de instalacións electrotécnicas, adxudicaránselles ao persoal interino de máquinas, servizos e produción que non obtivesen praza.

c) O persoal interino da especialidade de procedementos sanitarios e asistenciais continuará nunha única lista e poderá solicitar prazas das especialidade de procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico e de procedementos sanitarios e asistenciais.

d) O persoal interino da especialidade de perrucaría e estética figurarán nunha única lista e poderá solicitar prazas das dúas especialidades. Nas novas relacións que se elaboren coas oposicións do ano 2007 figurará cada un na especialidade na que se presentaron.

Sexta.-*Solicitude por localidades.*

O profesorado de ensino secundario e o profesorado técnico de formación profesional que solicite localidades entenderase que solicita todos os centros da localidade, incluídos no anexo I, pola orde que se publican nesta resolución. Se pide a localidade con afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen afíns e, posteriormente, con afíns. Se desexan solicitar centros doutros anexos deberán especificar a petición co código do centro.

Os profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que soliciten centros específicos de adultos, entenderase que piden, se é o caso, ámbitos de coñecemento, adxudicaráselles a praza na especialidade que figure en primeiro lugar.

Sétima.-*Prazas que poden solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.*

O profesorado de escolas oficiais de idiomas, de acordo coas especialidades de que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo II e para as especialidades de:

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Alemán |
| 002 | Árabe |
| 004 | Chinés |
| 006 | Español para estranxeiros |
| 008 | Francés |
| 009 | Galego |
| 011 | Inglés |
| 012 | Italiano |
| 013 | Xaponés |
| 015 | Portugués |
| 017 | Ruso |

Oitava.-*Prazas que poden solicitar o persoal funcionario do corpo de profesores de música e artes escénicas.*

O profesorado de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo III e para as especialidades de:

| Códigos | Especialidades |
|---|---|
| 401 | Acordeón |
| 402 | Arpa |
| 403 | Canto |

| Códigos | Especialidades |
|---|---|
| 404 | Clarinete |
| 405 | Clave |
| 406 | Contrabaixo |
| 407 | Coro |
| 408 | Fagot |
| 409 | Flabiol i tambori |
| 410 | Frauta travesa |
| 411 | Frauta de bico |
| 412 | Fundamentos de composición |
| 413 | Gaita galega |
| 414 | Guitarra |
| 415 | Guitarra flamenca |
| 416 | Historia da música |
| 417 | Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco |
| 418 | Instrumentos de puga |
| 419 | Óboe |
| 420 | Órgano |
| 421 | Orquestra |
| 422 | Percusión |
| 423 | Piano |
| 424 | Saxofón |
| 425 | Tenora i tible |
| 426 | Trombón |
| 427 | Trompa |
| 428 | Trompeta |
| 429 | Tuba |
| 431 | Viola |
| 432 | Viola da gamba |
| 433 | Violín |
| 434 | Violoncello |
| 435 | Danza española |
| 436 | Danza clásica |
| 437 | Danza contemporánea |
| 438 | Flamenco |
| 439 | Historia da danza |
| 440 | Acrobacia |
| 441 | Canto aplicado á arte dramática |
| 442 | Caracterización e indumentaria |
| 443 | Danza aplicada á arte dramática |
| 444 | Dicción e expresión oral |
| 445 | Dirección escénica |
| 446 | Dramaturxia |
| 447 | Esgrima |
| 448 | Espazo escénico |
| 449 | Expresión corporal |
| 450 | Iluminación |
| 451 | Interpretación |
| 452 | Interpretación con obxectos |
| 453 | Interpretación no musical |
| 454 | Interpretación no teatro do xesto |
| 455 | Literatura dramática |
| 456 | Técnicas escénicas |
| 457 | Técnicas gráficas |
| 458 | Teoría e historia da arte |
| 459 | Teoría teatral |
| 460 | Linguaxe musical |

Para a adxudicación de determinadas prazas en que se vai impartir o grao superior das ensinanzas de música reguladas na sección primeira, capítulo I, do título II da LOXSE, exixirase estar en posesión do título superior de música ou equivalente do instrumento correspondente, segundo o artigo 1 do Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo. Para estes efectos, os solicitantes xuntaranlle á petición copia do título correspondente.

Novena.-*Prazas que poden solicitar os funcionarios e funcionarias do corpo de profesores de artes plásticas e deseño.*

As profesoras e profesores de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV e para as seguintes especialidades:

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 040 | Xemoloxía |
| 507 | Debuxo artístico e cor |
| 508 | Debuxo técnico |
| 509 | Deseño interiores |
| 512 | Deseño gráfico |
| 515 | Fotografía |
| 516 | Historia da arte |
| 517 | Xoiaría e ourivaría |
| 518 | Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro |
| 520 | Materiais e tecnoloxía: deseño |
| 521 | Medios audiovisuais |
| 522 | Medios informáticos |
| 523 | Organización industrial e lexislación |
| 525 | Volume |

Décima.-*Prazas que poden solicitar as funcionarias e funcionarios do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.*

As mestras e mestres de taller de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV e para as seguintes especialidades:

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 008 | Decoración |
| 067 | Taller do moble |
| 097 | Serigrafía |
| 107 | Deseño gráfico asistido por ordenador |
| 603 | Complementos e accesorios |
| 604 | Dourado e policromía |
| 607 | Esmaltes |
| 608 | Fotografía e procesos de reprodución |
| 610 | Moldes e reproducións |
| 612 | Talla en pedra e madeira |
| 613 | Técnicas cerámicas |
| 614 | Técnicas de gravado e estampación |
| 615 | Técnicas de xoiaría e bixutaría |
| 616 | Técnicas de ourivaría e pratería |
| 617 | Técnicas de patronaxe e confección |
| 618 | Técnicas de metal |

Décimo primeira.-*Solicitude de disciplinas afíns e de centros compartidos.*

1. O persoal participante deberá manifestar na instancia de solicitude aquelas disciplinas afíns coas que desexa completar, se é o caso, horario, do mesmo ou distinto corpo.

2. De existir nun centro máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con materias afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas

que teñan horario completo da especialidade pola que se participa.

3. O profesorado poderá solicitar un mesmo centro ou localidade con horario completo da súa especialidade e con materias afíns, na orde que coide conveniente. Para estes efectos deberanse repetir os códigos dos centros nos que se dea a circunstancia, poñendo unha cruz (x) no recadro da dereita da solicitude (A) que fai referencia a materias afíns. Cando se pretende solicitar un centro primeiro sen materias afíns e inmediatamente despois con materias afíns, terán que transcribir o código do centro unha soa vez, poñendo unha cruz (x) no recadro da dereita da solicitude. Na adxudicación terá prioridade a petición de centro ou localidade sobre a orde das materias afíns.

O profesorado poderá excluír da súa solicitude a petición de destinos de centros compartidos sinalándoo no recadro correspondente da instancia.

Décimo segunda.-*Desprazadas e desprazados por falta de horario.*

1.a) Estarán obrigados a participar neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da súa localidade, o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2008-2009.

b) Aos que, estando obrigados, non participen neste concurso, a secretaría xeral adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico 2008-2009 nun centro da localidade en que están destinados definitivamente.

c) Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 o profesorado que participe polo punto segundo.

2.a) Poderán participar voluntariamente neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da localidade ou localidades que elixan, o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, poidan ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2008-2009.

b) Este profesorado poderá indicar se está disposto a completar horario con materias afíns.

3. A inspección educativa comunicaralles aos institutos de educación secundaria e aos centros públicos integrados, con anterioridade ao 25 de xuño de 2008, o número de profesores, e de que especialidade que non van ter horario no próximo curso académico.

4. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade.

5. Con carácter previo ao procedemento de elección de horarios previsto no punto 88 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), e 109 e seguintes da Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), a xefatura de estudos determinará o número de profesores pertencentes a cada departamento que poderá elixir horario.

Este número virá determinado polo cociente que resulte de dividir o número total de horas asignado ao departamente entre 18, e será de aplicación para os restos o establecido no punto terceiro desta resolución, e todo iso sen prexuízo de aplicación do establecido na Orde do 1 de setembro de 1987, pola que se adecua a xornada de traballo dos funcionarios docentes.

6. O profesorado que sexa titular de máis dunha especialidade poderá pedir praza indistintamente por todas elas.

7. Na adxudicación das e dos desprazados por falta de horario terán dereito preferente os desprazados de localidade, e desempatará a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

Décimo terceira.-*Orde de adxudicación das prazas.*

1. A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos preferentes, conforme o previsto na base segunda, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro e localidade, regulados nesta resolución.

Na adxudicación das prazas de comisión de servizos por razóns de saúde, dentro de cada grupo, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

Na adxudicación de prazas en comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral a prioridade virá determinada polo número de fillos menores de 10 anos e, no caso do mesmo número de fillos, pola antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación na oposición, sucesivamente.

Décimo cuarta.-*Dereito preferente a centro.*

Terán dereito preferente a centro:

As concelleiras e concelleiros ao centro no que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos.

Décimo quinta.-*Dereito preferente á localidade.*

Terán dereito preferente a localidade:

a) O profesorado desprazado por falta de horario, ás prazas da localidade na que teñen destino definitivo.

b) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade en que estaban destinados no momento de obter praza no estranxeiro.

c) As concelleiras e concelleiros, ás prazas da localidade en que estaban destinados no momento que resultaron electos, sempre que non poidan facer efectivo o dereito preferente a centro.

Décimo sexta.-*Adxudicación das vacantes de formación e orientación laboral e debuxo.*

1. A adxudicación de prazas da especialidade de formación e orientación laboral a funcionarias e funcionarios de carreira da especialidade de procesos comerciais efectuarase, de ser o caso, despois de efectuar a adxudicación ao persoal funcionario en prácticas da especialidade de formación e orientación laboral.

2. A adxudicación de prazas da especialidade de debuxo a funcionarias e funcionarios de carreira da especialidade de oficina e proxectos de construción efectuarase, de ser o caso, despois de efectuar a adxudicación ao persoal funcionario en prácticas da especialidade de debuxo.

Décimo sétima.-*Adxudicación de vacantes itinerantes.*

As vacantes itinerantes, completando horario noutro centro ou centros, só se adxudicarán a aquelas electoras e electores que soliciten explicitamente vacantes deste tipo.

Estas vacantes non serán adxudicadas de oficio

Décimo oitava.-*Adxudicación de vacantes con afíns.*

As vacantes con afíns adxudicaránselles só a aquelas electoras e electores que soliciten explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Décimo novena.-*Adxudicación de oficio.*

Adxudicarase de oficio a todas e todos os participantes que non acaden destino de entre os solicitados, a todos aqueles que tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen, agás ao profesorado interino e substituto e o profesorado que solicita comisión de servizos e deixa resulta.

A adxudicación de oficio será realizada pola orde en que figura a profesora ou profesor, dentro do seu colectivo, a primeira vacante libre, pola orde en que os centros figuran no anexo que proceda desta resolución.

Ao profesoresado en expectativa de destino e en prácticas adxudicaráselle destino de oficio, incluso noutra especialidade da que non sexa titular, de non existir vacante na súa.

Vixésima.-*Non adxudicación de oficio ao profesorado interino e substituto.*

1. As profesoras e profesores interinos e substitutos que soliciten prazas da súa especialidade sen completar horario con ningunha outra materia, de non corresponderlles ningunha destas prazas, pasarán a formar parte da listaxe para posibles novas necesidades de interinidades ou substitucións.

2. As profesoras e profesores interinos que, solicitando prazas da súa especialidade, completen o horario con outras materias, de non corresponderlles praza na súa especialidade, poderá adxudicárselles praza noutra materia das indicadas como afíns, se existise vacante, unha vez colocados todos os colectivos sinalados na base segunda desta resolución.

3. Ao profesorado substituto unicamente poderá adxudicárselle praza da súa especialidade con ou sen materias afíns segundo a solicitude.

4. O profesorado interino e substituto que non obteña praza nesta adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como interino ou substituto nunha ou varias provincias. O que non efectúe petición enténdese que opta por prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Vixésimo primeira.-*Adxudicación de prazas das escolas oficiais de idiomas e das escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.*

As prazas das escolas oficiais de idiomas e das escolas de artes aplicadas e oficios artísticos que queden vacantes, unha vez resolto o concurso entre o funcionariado en expectativa de destino, funcionariado en prácticas e, se é o caso, interinos e substitutos, dos corpos correspondentes, seranlles adxudicadas ao profesorado de ensino secundario, da respectiva especialidade que as solicitasen.

Vixésimo segunda.-*Adxudicación en especialidade solicitada como afín.*

Cando concorran a prazas de materias afíns profesorado de distinta especialidade a orde de prioridade na adxudicación virá determinada pola pertenza a un colectivo preferente, de acordo coa base segunda desta resolución. No suposto de que pertenzan ao mesmo colectivo a orde será determinada pola data máis antiga de acceso á prestación de servizos como interina, interino ou substituta ou substituto. De coincidir a mesma data de acceso a un posto de traballo na función pública docente, desempatarase por orde alfabética, iniciándose polo apelido coa letra «V».

Vixésimo terceira.-*Prazas a tempo parcial.*

Excepcionalmente, cando non se poida completar o horario da xornada de traballo con horas doutra especialidade no centro ou completar o horario noutro CPI ou IES, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá ofertar prazas de interinidades a tempo parcial, que en ningún caso será inferior a media xornada.

Estas prazas ofertaranse despois de realizada a adxudicación definitiva, sen que sexa preceptiva a súa aceptación.

Vixésimo cuarta.-*Prazo para cubrir a instancia na web.*

1. Para o profesorado desprazado e en expectativa de destino, interinas, interinos, substitutas e substitutos o prazo será de vinte días naturais contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para os opositores e opositoras que superen o procedemento selectivo convocados polas ordes do 9 de abril de 2008, o prazo será de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da lista de aprobados polos tribunais ou polas comisións de selección.

3. As persoas ás que se lles conceda unha comisión de servizos por razóns de saúde ou de conciliación familiar realizarán a solicitude no prazo de cinco días desde que se lles notifique a concesión da comisión.

4. As solicitudes efectuaranse a través da páxina web da Subdirección Xeral de Persoal (www.edu.xunta.es/cpts). Os interesados deberán imprimir unha copia da súa solicitude e dirixila á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para tales efectos, a copia da solicitude poderá entregarse na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais ou no propio centro educativo no que se presta servizos.

Vixésimo quinta.-*Profesorado que non ten que cubrir nova instancia na web.*

1. Non terán que formalizar nova solicitude, agás que desexen efectuar unha nova ou modificar a realizada para a convocatoria do curso académico anterior:

a) O profesorado que estaba desprazado por falta de horario no curso 2007-2008 e continúe como desprazado no curso académico 2008-2009.

b) O profesorado que continúa en expectativa de destino.

c) As opositoras e opositores que superaron o procedemento selectivo no ano 2007.

d) O profesorado interino e substituto que participou no proceso de adxudicación de destinos do curso 2007-2008.

2. Non poderá participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos recollidos na base segunda desta convocatoria.

Vixésimo sexta.-*Validez da solicitude para os cursos vindeiros.*

A solicitude formulada servirá para os cursos vindeiros sen que se teña que facer nova petición. O profesorado que desexe efectuar algunha modificación da súa petición inicial realizarao a través do servizo web (http://www.edu.xunta.es/cpts), na forma que se determine.

Vixésimo sétima.-*Aprobados noutras comunidades autónomas.*

O profesorado que supere os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicarallo á secretaría xeral para os efectos da súa exclusión na adxudicación da praza.

Vixésimo oitava.-*Renuncias á resolución provisional.*

O profesorado interino e substituto que estea nunha situación das que se relacionan a continuación poderá renunciar á resolución provisional sen que se admitan renuncias parciais.

-Para atender ao coidado dun fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

-Para atender ao coidado dun familiar que estea ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

-Por enfermidade grave.

-Por ter concedida unha bolsa de estudos.

-Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realiza o doutoramento ou estudos para obter un título superior ou unha diplomatura, así como a formación no estranxeiro de linguas ou no ensino de réxime especial.

-Por ser vítima de violencia de xénero.

-Por calquera das circunstancias que lles permiten aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.

Esta renuncia deberá realizarse no prazo comprendido entre o día 1 ao 8 de setembro de 2008, ambos inclusive. De non presentar renuncia e serlle adxudicada praza definitiva, os interesados e interesadas non poderán acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida á resolución provisional deste concurso e esta circunstancia se acredite de forma fidedigna.

Sen prexuízo do previsto no punto anterior, a secretaría xeral poderá dar de baixa algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, que deixase de reunir os requisitos para manterse nesta, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia do interesado/a.

Vixésimo novena.-*Relacións de persoal.*

1. O día 3 de xullo de 2008, a secretaría xeral procederá a publicar as relacións de persoal, por especialidades e orde de adxudicación de prazas nas delegacións provinciais da Consellería de Educa-

ción e Ordenación Universitaria e na páxina web da consellería (www.edu.xunta.es).

2. Publicadas as relacións de persoal, ábrese un prazo de dez días naturais para presentar reclamacións.

Trixésima.-*Resolución provisional*.

1. Resoltas as reclamacións previstas na base anterior, a secretaría xeral procederá á adxudicación das prazas e a facer pública a resolución provisional do concurso nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o día 31 de xullo de 2008.

2. As e os concursantes poderán presentar reclamacións á resolución provisional, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais desde o día 1 ao 8 de setembro de 2008.

Trixésimo primeira.-*Resolución definitiva*.

Resoltas as reclamacións procederase a efectuar a resolución definitiva o día 12 de setembro de 2008 e á súa publicación na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais.

Nas especialidades de que se imparta docencia na formación profesional específica a adxudicación definitiva realizarase con posterioridade ao 13 de setembro de 2008 e con anterioridade ao inicio do curso académico.

Trixésimo segunda.

O profesorado tomará posesión no centro educativo de destino, no prazo de corenta e oito horas desde a publicación da adxudicación definitiva na Consellería de Educación e Ordenación Universiaria e nas súas delegacións provinciais, e incorporarase ao centro con efectividade económica e administrativa da data fixada para o comezo de curso, agás no suposto de que o nomeamento ou toma de posesión se efectúe con posterioridade.

O centro educativo remitiralle á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo das vinte e catro horas seguintes á presentación do interesado ou interesada, a toma de posesión, a declaración xurada de non estar incurso en actividade incompatible e os restantes documentos que teña establecidos a propia delegación provincial.

Nos supostos de especialidades das cales se imparte docencia en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas, non poderá haber interrupción de servizos nos profesores interinos deste curso que sexan nomeados interinos desde o inicio do curso 2008-2009.

No caso das comisións de servizo, os efectos serán do 15 de setembro de 2008, sen prexuízo de que as comisións de servizo do profesorado que proceda de fóra da comunidade autónoma terán efectividade do 1 de setembro de 2008.

Trixésimo segunda.

Os participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 que non estean incluídos nas listas dos aspirantes que os superaron, nin nas letras f) ou g) da base segunda desta resolución, serán incluídos nas relacións de aspirantes para desempeñar prazas de interinidades ou substitucións, sempre que estean en posesión da titulación que se relaciona para cada especialidade no anexo VI. Estarán exceptuados deste requisito de titulación os aspirantes que superen a fase de oposición.

Este colectivo ordenarase, para os efectos de prioridade na elección por especialidades, pola puntuación resultante da fase de concurso e oposición, unha vez realizada a ponderación prevista na orde de convocatoria, tendo prioridade os que superen a proba sobre os que non a superen.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

*ANEXO I*

| Descrición | Concello | Cód. centro | Cód. localidade | Centro | Localidade |
|---|---|---|---|---|---|
| Coruña (A) | Abegondo | 15027125 | 150011800 | IES de Viós | Viós |
| Coruña (A) | Ames | 15027721 | 150020801 | IES de Ames | Ortoño |
| Coruña (A) | Ares | 15000338 | 150040101 | CPI Conde de Fenosa | Ares |
| Coruña (A) | Arteixo | 15023302 | 150050200 | IES Manuel Murguía | Arteixo |
| Coruña (A) | Arteixo | 15032145 | 150050200 | IES de Pastoriza | Arteixo |
| Coruña (A) | Arteixo | 15023314 | 150050200 | IES de Sabón | Arteixo |
| Coruña (A) | Arzúa | 15027733 | 150060100 | IES de Arzúa | Arzúa |
| Coruña (A) | Baña (A) | 15019301 | 150070100 | CPI de San Vicente | San Vicente |
| Coruña (A) | Bergondo | 15001070 | 150080202 | CPI de Cruz do Sar | Bergondo |
| Coruña (A) | Betanzos | 15001148 | 150090001 | IES As Mariñas | Betanzos |
| Coruña (A) | Betanzos | 15001136 | 150090001 | IES Francisco Aguiar | Betanzos |
| Coruña (A) | Boimorto | 15001239 | 150100505 | CPI Armando Cotarelo Valledor | Gándara |
| Coruña (A) | Boiro | 15026698 | 150110303 | IES Espiñeira | Boiro |
| Coruña (A) | Boiro | 15027851 | 150110303 | IES A Cachada | Boiro |
| Coruña (A) | Boiro | 15023338 | 150110303 | IES Praia Barraña | Boiro |
| Coruña (A) | Boqueixón | 15001665 | 150120102 | CPI Antonio Orza Couto | Boqueixón |

| Descrición | Concello | Cód. centro | Cód. localidade | Centro | Localidade |
|---|---|---|---|---|---|
| Coruña (A) | Boqueixón | 15013254 | 150120102 | CFEA de Sergude | Boqueixón |
| Coruña (A) | Brión | 15026352 | 150130901 | IES de Esparís | Viceso |
| Coruña (A) | Cabana de Bergantiños | 15001926 | 150140307 | CPI As Revoltas | Revoltas, As |
| Coruña (A) | Camariñas | 15027861 | 150160300 | IES Pedra da Aguia | Ponte do Porto |
| Coruña (A) | Cambre | 15027873 | 150170501 | IES Afonso X O Sabio | Cambre |
| Coruña (A) | Cambre | 15026704 | 150170501 | IES David Buján | Cambre |
| Coruña (A) | Carballo | 15002581 | 150190703 | IES Alfredo Brañas | Carballo |
| Coruña (A) | Carballo | 15027307 | 150190703 | IES Isidro Parga Pondal | Carballo |
| Coruña (A) | Carballo | 15002591 | 150190703 | IES Monte Neme | Carballo |
| Coruña (A) | Cariño | 15021755 | 150610201 | IES Cabo Ortegal | Cariño |
| Coruña (A) | Carnota | 15027885 | 150200100 | IES Lamas de Castelo | Carnota |
| Coruña (A) | Carral | 15003005 | 150210000 | CPI Vicente Otero Valcárcel | Carral |
| Coruña (A) | Cedeira | 15026376 | 150220104 | IES Punta Candieira | Cedeira |
| Coruña (A) | Cee | 15003212 | 150230000 | IES Agra de Raíces | Cee |
| Coruña (A) | Cee | 15003224 | 150230000 | IES Fernando Blanco | Cee |
| Coruña (A) | Cerceda | 15003376 | 150240108 | CPI O Cruce | Cerceda |
| Coruña (A) | Coristanco | 15003881 | 150291208 | CPI Alcalde Xosé Pichel | San Roque |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15026716 | 150300001 | IES Adormideras | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005233 | 150300001 | IES Agra do Orzán | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15025621 | 150300001 | EPAPU Eduardo Pondal | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005579 | 150300001 | IES Elviña | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005221 | 150300001 | IES Eusebio da Guarda | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005397 | 150300001 | IES Fernando Wirtz Suárez | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15027800 | 150300001 | IES Imaxe e Son | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005245 | 150300001 | IES Monelos | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15025611 | 150300001 | IES Monte das Moas | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15027770 | 150300001 | IES A Sardiñeira | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15027897 | 150300001 | IES Paseo das Pontes | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15026421 | 150300001 | IES Rafael Dieste | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005257 | 150300001 | IES Ramón Menéndez Pidal | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005002 | 150300001 | IES Ramón Otero Pedrayo | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005211 | 150300001 | IES Salvador de Madariaga | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15024513 | 150300001 | CIFP Someso | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005269 | 150300001 | IES Urbano Lugrís | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15022607 | 150300001 | CIFP Ánxel Casal - Monte Alto | Coruña, A |
| Coruña (A) | Coruña (A) | 15005336 | 150300001 | CEE Nosa Señora do Rosario | Coruña, A |
| Coruña (A) | Culleredo | 15005749 | 150310202 | IES Cruceiro Baleares | Burgo, O |
| Coruña (A) | Culleredo | 15027903 | 150310202 | IES Eduardo Blanco Amor | Burgo, O |
| Coruña (A) | Culleredo | 150157CR | 150310202 | CREDO da Coruña | Burgo, O |
| Coruña (A) | Curtis | 15022620 | 150320402 | IES de Curtis | Curtis |
| Coruña (A) | Curtis | 15032650 | 150320402 | EPAPU de Teixeiro | Curtis |
| Coruña (A) | Dodro | 15023399 | 150330311 | CPI Eusebio Lorenzo Baleirón | Laíño |
| Coruña (A) | Fene | 15023405 | 150350213 | CPI A Xunqueira | Fene |
| Coruña (A) | Fene | 15032081 | 150350213 | IES de Fene | Fene |
| Coruña (A) | Fene | 15032583 | 150350213 | CIFP de Fene | Fene |
| Coruña (A) | Ferrol | 15021470 | 150360001 | IES Canido | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006742 | 150360001 | IES Concepcion Arenal | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006687 | 150360001 | IES de Catabois | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15025566 | 150360001 | IES Ferrol Vello | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15021469 | 150360001 | IES Leixa | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006754 | 150360001 | IES Marqués de Suanzes | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15025645 | 150360001 | IES Ricardo Carballo Calero | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006778 | 150360001 | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006791 | 150360001 | IES Saturnino Montojo | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006730 | 150360001 | IES Sofía Casanova | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15025751 | 150360001 | EPAPU Sta. María de Caranza | Ferrol |
| Coruña (A) | Ferrol | 15006729 | 150360001 | CEE Carmen Polo | Ferrol |
| Coruña (A) | Fisterra | 15027915 | 150370300 | IES Fin do Camiño | Fisterra |
| Coruña (A) | Frades | 15007400 | 150380800 | CPI de Ponte Carreira | Ledoira |
| Coruña (A) | Laracha (A) | 15027654 | 150411207 | IES Agra de Leborís | Torás |
| Coruña (A) | Laxe | 15007621 | 150400101 | CPI Cabo da Area | Laxe |
| Coruña (A) | Lousame | 15008039 | 150420421 | CPI Cernadas de Castro | Lousame |
| Coruña (A) | Malpica de Bergantiños | 15008301 | 150430801 | IES Urbano Lugrís | Vilanova |
| Coruña (A) | Mazaricos | 15008714 | 150451207 | CPI da Picota | Mazaricos |
| Coruña (A) | Melide | 15008817 | 150461902 | IES de Melide | Melide |
| Coruña (A) | Mesía | 15020854 | 150471209 | CPI de Xanceda | Xanceda |
| Coruña (A) | Miño | 15009071 | 150480402 | CPI Castro Baxoi | Castro |
| Coruña (A) | Monfero | 15009241 | 150500300 | CPI Virxe da Cela | San Fiz de Monfero |
| Coruña (A) | Mugardos | 15025657 | 150510302 | IES de Mugardos | Mugardos |
| Coruña (A) | Muros | 15027940 | 150530400 | IES As Insuas | Serres |
| Coruña (A) | Muros | 15026388 | 150530400 | IES Fontexería | Serres |
| Coruña (A) | Muxía | 15027927 | 150520900 | IES Ramón Caamaño | Muxía |
| Coruña (A) | Narón | 15025268 | 150540900 | IES As Telleiras | Narón |
| Coruña (A) | Narón | 15026455 | 150540900 | IES Terra de Trasancos | Narón |
| Coruña (A) | Narón | 15010058 | 150540900 | CPI do Feal | Narón |
| Coruña (A) | Neda | 15027216 | 150550201 | IES Fernando Esquío | Neda |
| Coruña (A) | Negreira | 15026391 | 150561501 | IES Xulián Magariños | Negreira |
| Coruña (A) | Noia | 15026731 | 150570000 | IES Campo de San Alberto | Noia |

| Descrición | Concello | Cód. centro | Cód. localidade | Centro | Localidade |
|---|---|---|---|---|---|
| Coruña (A) | Noia | 15010812 | 150570000 | IES Virxe do Mar | Noia |
| Coruña (A) | Oleiros | 15027228 | 150580801 | IES María Casares | Oleiros |
| Coruña (A) | Oleiros | 15027952 | 150580801 | IES Miraflores | Oleiros |
| Coruña (A) | Oleiros | 15026121 | 150580801 | IES Xosé Neira Vilas | Oleiros |
| Coruña (A) | Ordes | 15027782 | 150590900 | IES Nº 1 | Ordes |
| Coruña (A) | Ordes | 15027939 | 150590900 | IES Maruxa Mallo | Ordes |
| Coruña (A) | Oroso | 15027964 | 150600700 | IES de Oroso | Oroso |
| Coruña (A) | Ortigueira | 15020544 | 150612101 | IES de Ortigueira | Ortigueira |
| Coruña (A) | Outes | 15027976 | 150620600 | IES Poeta Añón | Serra de Outes, A |
| Coruña (A) | Padrón | 15012730 | 150650505 | IES Camilo José Cela | Padrón |
| Coruña (A) | Padrón | 15023090 | 150650505 | IES Macías o Namorado | Padrón |
| Coruña (A) | Pino (O) | 15019347 | 150660100 | CPI Camiño de Santiago | Arca |
| Coruña (A) | Pobra do Caramiñal (A) | 15025530 | 150670401 | IES da Pobra do Caramiñal | Pobra do Caramiñal, A |
| Coruña (A) | Ponteceso | 15026406 | 150140421 | IES de Ponteceso | Ponteceso |
| Coruña (A) | Pontedeume | 15025682 | 150690701 | IES Fraga do Eume | Pontedeume |
| Coruña (A) | Pontedeume | 15020556 | 150690701 | IES Breamo | Pontedeume |
| Coruña (A) | Pontes de García Rodríguez (As) | 15021767 | 150700509 | IES Castro da Uz | Pontes de García Rodríguez, As |
| Coruña (A) | Pontes de García Rodríguez (As) | 15025694 | 150700509 | IES Moncho Valcarce | Pontes de García Rodríguez, As |
| Coruña (A) | Pontes de García Rodríguez (As) | 15023429 | 150700509 | CPI Monte Caxado | Pontes de García Rodríguez, As |
| Coruña (A) | Porto do Son | 15027691 | 150710812 | IES de Porto do Son | Noal |
| Coruña (A) | Rianxo | 15026807 | 150720507 | IES Félix Muriel | Rianxo |
| Coruña (A) | Ribeira | 15014556 | 150730904 | IES Coroso | Ribeira |
| Coruña (A) | Ribeira | 15027711 | 150730904 | IES Leliadoura | Ribeira |
| Coruña (A) | Ribeira | 15014568 | 150730904 | IES Nº 1 | Ribeira |
| Coruña (A) | Rois | 15014738 | 150740906 | CPI dos Dices | Rois |
| Coruña (A) | Sada | 15026029 | 150750604 | IES Isaac Díaz Pardo | Sada |
| Coruña (A) | Sada | 15032662 | 150750604 | IES de Mosteirón | Sada |
| Coruña (A) | San Sadurniño | 15014957 | 150760700 | CPI de San Sadurniño | San Sadurniño |
| Coruña (A) | Santa Comba | 15026030 | 150771400 | IES Terra de Xallas | Santa Comba |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15026753 | 150780001 | IES A Pontepedriña | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15025712 | 150780001 | IES Antonio Fraguas Fraguas | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15015743 | 150780001 | IES Arcebispo Xelmírez I | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15025301 | 150780001 | IES Arcebispo Xelmírez II | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15027058 | 150780001 | IES As Fontiñas | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15016000 | 150780001 | CIFP Compostela | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15015861 | 150780001 | IES Eduardo Pondal | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15023466 | 150780001 | IES Lamas de Abade | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15015767 | 150780001 | CIFP Politécnico de Santiago | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15015755 | 150780001 | IES Rosalía de Castro | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15021482 | 150780001 | IES San Clemente | Santiago de Compostela |
| Coruña (A) | Santiago de Compostela | 15027319 | 150780001 | IES de Sar | Santiago de Compostela |
